




Lección 21: Riamonte



Castelo de Doiras


Riamonte - Vilarello - Cervantes - Lugo

Comarca dos Ancares. Formada por: Becerreá, As Nogais, Baralla, Cervantes, Navia de Suarna e Pedrafita.

Lugares de interese: Castelo de Doiras, Castro de Santa María, campa de Tres Bispos etc.

Festas e celebracións: festa da Pandeira, Romaría da Virxe de Tamas, ruada de acordeonistas de Doiras etc.

Viaxe ao interior de Galicia



Para saber máis... os verbos irregulares máis frecuentes

Facer	Ir	Ter
fago	vou	teño
fas	vas	tes
fai	vai	ten
facemos	imos	temos
facedes	ides	tendes / tedes
fan	van	teñen

Para saber máis... te, che e lle

	Singular	Plural	
1ª persoa	me	nos	Tróuxome caramelos
2ª persoa	te (OD) che (OI)	vos	Díxoche que si
3ª persoa	o, a lo, la no, na (OD) lle (OI)	os, as	Viuna pola rúa

Para saber máis... o pronome átono

Habitualmente vai despois do verbo, mais existen algúns casos nos que vai anteposto:

- Palabras que indican negación

Non che contei as novidades / nunca te enteras de nada

- Cos interrogativos

Que che pasa? / cando te vas dar por aludido?

- Coas conxuncións subordinadas

Díxenlle que che trouxera a comida ás 12:00

- Cos indefinidos

Ninguén che preguntou / alguén te chamou antes

Imos falar de hipóteses futuras

Podemos elaborar hipóteses no futuro cos seguintes elementos

- Seguramente

Seguramente chamen a partir das 17:00. Non che parece?

- Posiblemente

Posiblemente vaiamos a Lugo a semana que vén. Quéreste unir?

- Seguro que...

Seguro que non che importa que llo contara...

- Supoño que...

Supoño que non che importa que levemos a mesma roupa hoxe

Un pouco de práctica...

Escribe no chat unha oración onde empregues o pronome átono *che* ou *te*.

Exemplo: *eu non te quixen obrigar a facer o traballo*

Recomendación

